

**USC-LEXITERM: LINGÜISTAS E
ESPECIALISTAS DEBATENDO
DE TERMINOLOXÍA GALEGA**

Xusto A. Rodríguez Río

Servizo de Normalización Lingüística da usc

Como é de xustiza, quero comezar por agradecerlles aos organizadores o seu convite e que considerasen USC-Lexiterm como unha iniciativa abondo interesante como para ser presentada aquí.

O segundo que quero facer é declarar a miña condición de impostor. Efectivamente, a pesar do que indica o programa, debo confesarlles que USC-Lexiterm non é unha publicación científica. En realidade, é algo moito máis modesto: unha simple rolda de debate centrada na terminoloxía técnica en lingua galega, creada en 2003 por iniciativa do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela (usc).

Por non ter, non ten nin o mérito da orixinalidade, xa que no propio contorno galego existen outros proxectos semellantes (a rolda Terminoloxía do Consello da Cultura Galega, Tradgal ou a rolda do Proxecto Trasno), aínda que cada un deles ten un enfoque específico que non coincide coa finalidade para a que creamos USC-Lexiterm. Esta non era outra máis ca servir como un instrumento de axuda para o traballo terminográfico puntual que se desenvolve no SNL.

Desde a Área de Terminoloxía intentamos poñer ao dispor da comunidade universitaria da USC os termos necesarios para poder producir en galego unha documentación técnica precisa e de calidade en lingua galega. Isto implica traballar tanto na elaboración de glosarios e vocabularios temáticos (traballo terminográfico sistemático) como na resolución de cuestións concretas, xurdidas ao revisar textos especializados ou recibidas como consultas (traballo terminográfico puntual).

Este traballo puntual presenta dúas particularidades que o fan especialmente dificultoso:

1. A diversidade temática

As dúbidas que se nos formulan poden versar sobre os temas máis diversos, e habitualmente con altos graos de especialización. O máis habitual é que os técnicos do SNL non teñamos coñecementos sobre eles, o que nos obriga a documentarnos sobre os conceptos implicados na consulta. En xeral, o inxente volume de información dispoñible na Internet facilita ese proceso, pero tamén comporta outros problemas, como a dificultade para seleccionar fontes de autoridade ou a presenza de datos contraditorios no medio desa enxurrada de documentación.

2. A urxencia

Todo ese proceso de documentación esixe un tempo do que en moitas ocasións non se dispón. Quen consulta unha dúbida, ou quen remite un documento para revisión, solicita uns prazos de entrega bastante curtos, que normalmente se contan en días, ou aínda en horas, e que obrigan a facer reflexións terminolóxicas rápidas das que xorden propostas que só se poden etiquetar como «provisionais».

Coa creación da rolda USC-Lexiterm pretendiamos minimizar esas dúas dificultades, creando unha especie de «gabinete de garda» formado por expertos das máis diversas disciplinas científicas, cos que fose posible comunicarse dunha forma áxil e rápida para formularlles as nosas dúbidas e recibir as súas respostas. Aproveitando o coñecemento especializado dese colectivo, sería máis doado dispoñer dos datos que precisamos para poder ofrecerlles aos usuarios do SNL propostas terminolóxicas de máis calidade nos prazos de tempo de que dispoñemos.

Ademais, pensamos que podía servir tamén como unha vía de difusión de moitas das propostas terminolóxicas que desde o SNL se crean ou se difunden, e intentar aproveitar o potencial multiplicador que os membros da rolda poden ter cando empregan o galego como medio de comunicación da súa actividade docente e investigadora.

A partir de aí, intentamos integrar USC-Lexiterm como un elemento máis da estrutura de ferramentas e produtos terminolóxicos que o SNL pon ao dispor da comunidade universitaria da USC (aínda que a gran maioría deles son accesibles ao público en xeral) e que está formada por:

- un conxunto de vocabularios e glosarios técnicos que supera xa os 20 títulos <http://www.usc.es/snl/term/andel-term_SNL.htm>
- unha base de datos (bUSCatermos) que almacena máis de 150 000 fichas terminolóxicas en lingua galega <<http://www1.usc.es/buscatermos/>>
- un proxecto (Un idioma preciso) que pretende reflexionar sobre termos conflitivos en lingua galega e difundir esas reflexións a toda a sociedade <<http://www.usc.es/snl/term/UIP/index.htm>>
- USC-Lexiterm como foro de debate e discusión de propostas previas á súa divulgación por algunha das outras vías <<http://www.listas.usc.es/listas/usc-lexiterm.html>>

Oito anos despois da súa creación, pensamos que –con períodos de máis e menos actividade– eses dous obxectivos básicos fóronse cumprindo. Neste momento, USC-Lexiterm conta con 184 membros subscritos¹, na súa maioría membros da USC (nomeadamente PDI, pero tamén PAS e algún estudante), pero tamén doutras institucións ou simplemente persoas interesadas na terminoloxía técnica en galego. Durante este período debatéronse ducias de cuestións das máis diversas disciplinas (meteoroloxía, xenética, dereito, botánica, arqueoloxía...) e cruzáronse cerca dun milleiro de mensaxes.

E de aquí en adiante, seguirá sendo o que os seus usuarios queiran que sexa.

1 A integración na rolda é libre e realízase a través da páxina <<http://listas.usc.es/listas/usc-lexiterm.html>>.